




# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



**CENTRO: IES MONTE CASTELO**  
**CURSO: 3º ESO**  
**MATERIA: INGLÉS**  
**DEPARTAMENTO: INGLÉS**  
**DATA: 11/05/2020**



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación

Estándar de aprendizaxe

### BLOQUE 1 – COMPRESION DE TEXTOS ORAIS

B1.1. Estratexias de comprensión: mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema; identificación do tipo textual; distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes); formulación de hipóteses sobre contido e contexto; inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos; adaptación da escoita á súa finalidade; inferencia do significado probable das palabras ou frases que descoñece.

B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa.

B1.3. Perseveranza no logro da comprensión oral, rescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.

PLEB 1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese.

PLEB 1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves articulados de xeito lento e claro, sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.

PLEB 1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (p. ex., en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo)

PLEB 1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.

PLEB 1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se se lle repite ou reformula o dito.

PLEB 1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes.

### BLOQUE 3 – COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B3.1. Estratexias de comprensión: mobilización de información previa sobre o tema; identificación do tipo de lectura demandado (selectiva, intensiva...); identificación do tipo textual (narrativo, descritivo, argumentativo e explicativo); distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial) inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.

B3.2. Uso de técnicas como subliñar ou tomar notas para lograr unha mellor comprensión do contido e da estrutura do texto.

PLEB 3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.

PLEB 3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, nomes, ilustracións e títulos portan gran parte da mensaxe.

PLEB 3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (p. ex., sobre un tema curricular, unha cidade, un deporte), sempre que poida reler as seccións difíciles.

PLEB 3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, e se expresan

sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.

PLEB 3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional.

#### BLOQUE 4 – PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

B4.1. Estratexias de produción: planificación, execución (elaboración dun borrador; estruturación do contido do texto; organización do texto en parágrafos abordando en cada unha idea principal; apoio e aproveitamento máximo dos coñecementos previos) e revisión (identificación de problemas e erros; atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación; presentación coidada do texto; reescritura definitiva.)

B4.2. Características textuais. Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia, cohesión e adecuación, propios do seu nivel escolar.

PLEB 4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.

PLEB 4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa ocupación, aos seus intereses ou afeccións.

PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.

PLEB4.7. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.

#### BLOQUE 5 – COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA PLURILINGÜE E INERCULTURAL

B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas: uso das normas básicas de ortografía da palabra; utilización adecuada da ortografía da oración (coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas)

B5.6. Léxico oral e escrito de uso común relativo a: -identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; viaxes evacuacións: saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación. -Expresións fixas; enunciados fraseolóxicos, saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresións de opinións e - léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.

B5.8. Estructuras sintáctico-discursivas propias de cada idioma.

PLEB5.1. Desenvólvese na maioría deas actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda aos compañeiros/as canod non progresa a comunicación.

PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos.

PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coa s culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.

PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.

PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de

redundancia do significado.

**CONTIDOS CORRESPONDENTES A FUNCIÓN LINGÜÍSTICAS, GRAMÁTICA E VOCABULARIO (Bloque 5)**

PARTE PRESENCIAL

PARTE NON PRESENCIAL (Ampliación)

PARTE PRESENCIAL			PARTE NON PRESENCIAL (Ampliación)		
FUNCIÓNS	GRAMÁTICA	VOCABULARIO	FUNCIÓNS	GRAMÁTICA	VOCABULARIO
<p>-Falar sobre personaxes famosos, falar de experiencias pasadas, falar sobre intereses persoais</p> <p>- Expresar o futuro.</p> <p>- Expresar intereses.</p> <p>- Recomendar un lugar. - Expresar situacións imaxinarias.</p> <p>Discutir sobre planes de viaxe</p> <p>-Dar direccións</p> <p>- Descrición dos alimentos. Falar das comidas.</p>	<p>- <i>To be/ have got</i>; Expresión da afirmación, negación e interrogación</p> <p>- Expresión do tempo presente (present simple and continuous); Expresión do aspecto habitual (present simple + adv.)</p> <p>- Expresión da existencia (<i>There is/There are/ There was/ There were</i>)</p> <p>- Artículos e determinativos da cantidade (Articles and quantifiers).</p> <p>- A comparación con adxetivos e adverbios (Comparison of adjectives, comparison of adverbs)</p> <p>- Expresión do tempo pasado (Past simple and continuous)</p> <p>- <i>Used to</i></p> <p>- Expresión do tempo: simultaneidade (<i>while</i>,</p>	<p>- Linguaxe da ambiente, clima e ámbito natural (Geographical features, weather);</p> <p>- Traballo e ocupacións.</p> <p>- Transporte (Vehicles)</p> <p>- Viaxes e sensacións (Journeys and feelings)</p> <p>- Logros e actividades (Achievements, activities)</p> <p>- Viaxes. Obxectos de viaxe</p> <p>- Lugares da cidade.</p> <p>- Comida. Adxetivos, menús</p>	<p>- Expresar preferencias sobre as comidas</p> <p>- Pedir comida nun restaurante</p>	<p>- Verbos modais. Expresión da modalidade: capacidade (<i>can/could</i>); posibilidade (<i>may/ might/ could</i>) obriga (<i>have to/ must</i>); prohibición (<i>mustn't</i>); consello (<i>should</i>)</p>	



	<p><i>when, as</i>); secuenciación (<i>first, next, then, last</i>)</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Expresión do tempo: Present Perfect and Past Simple</li> <li>- Tempos de futuro, o futuro contínuo (going to; will; present simple and continuous).</li> <li>- Subordinadas condicionales de 1º, 2º e 3º grado (<i>First, second and third conditional</i>)</li> <li>- Pronomes relativos. Oracións de relativos.</li> </ul>				
--	-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	--	--	--	--

## 2. Avaliación e cualificación

A avaliación e cualificación adáptase tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado. Para a concreción dos criterios de avaliación e cualificación te ranse en conta as aprendizaxes e competencias imprescindibles anteriormente identificados.

<p><b>Avaliación</b></p>	<p><b>Procedementos e Instrumentos:</b> PARTE PRESENCIAL: os establecidos na Programación do Dpto. PARTE NON PRESENCIAL: exercicios correspondentes ás distintas destrezas (excepto a oral) e de distinta tipoloxía, exercicios e tests na Aula Virtual. Rexistro do profesor</p>
<p><b>Cualificación final</b></p>	<p><b>A) Alumnado coa 1ª e 2ª avaliacións aprobadas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>PARTE PRESENCIAL:</b> nota media da 1ª e 2ª avaliacións OU nota da 2ª avaliación, a que máis favoreza a cada alumno</li> <li>- <b>PARTE NON PRESENCIAL:</b> Todas as tarefas entregadas e valoradas polo profesor poderán sumar ata 2 puntos (20%) á nota obtida na parte presencial, desglosado do seguinte modo:             <ul style="list-style-type: none"> <li>- 5%: polo cumprimento dos prazos e número de actividades solicitadas polo profesor, seguindo estes criterios:                 <ul style="list-style-type: none"> <li>• 5% se entregou todas as tarefas no prazo e forma indicados polo profesor.</li> <li>• 2.5% se entregou algunha tarefa fóra do prazo ou se tivo erros de forma por non ler correctamente as instrucións.</li> <li>• 0% se a norma foi a entrega fóra de prazo ou se non entregou máis do 60% das tarefas solicitadas.</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul> <p>-15%: nota media da avaliación das distintas actividades, tests, etc...</p> <p><b>B) Alumnado coa 1ª e/ou 2ª avaliacións suspensas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Terá que recuperar as avaliacións suspensas mediante as <b>actividades e/ou probas de recuperación</b> que lle comunique o profesor.</li> <li>- A nota final obterase do xeito que máis beneficie ao alumnado:             <ul style="list-style-type: none"> <li>• Sumando a nota da <u>parte presencial</u> e <u>non presencial</u> (como no apartado A)</li> <li>• Collendo a nota media das actividades de recuperación. Neste caso, a cualificación final <b>non poderá ser superior a 5 puntos</b>, en atención á imposibilidade de certificar a autoría das actividades e/ou probas e as vantaxosas condicións de realización das mesmas con respecto das probas feitas na etapa presencial.</li> </ul> </li> </ul> <p>Todo alumno que non acade unha puntuación de 5 ou superior terá que presentarse á convocatoria de setembro.</p>
<p><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>Aqueles alumnos que non logren o aprobado en xuño deberán presentarse a unha <b>Proba Presencial</b> se as circunstancias o permiten. No caso de non poder realizarse unha proba presencial, o alumnado será convocado a unha <b>Proba Telemática</b> que se realizará a través da Aula Virtual ou ben a través de videoconferencia no día e hora establecidos pola Dirección do centro.</p> <p>En ambos casos, a proba axustarase ao que consta na Programación do Dpto, é dicir, será unha Proba Escrita na que se incluírán contidos dos bloques 1, 3 e 5: comprensión lectora, produción de textos escritos e exercicios de gramática e vocabulario. Todos os contidos a avaliar serán os vistos na 1ª e 2ª avaliación, é dicir, os vistos na parte presencial.</p>



### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Recuperación:</b> exercicios de vocabulario, gramática, comprensión de textos orais e escritos e expresión escrita do libro de texto e do Workbook, de fichas para entregar ou actividades da aula virtual.</li> <li>- <b>Repaso e reforzo:</b> exercicios de distinta tipoloxía tanto do libro e do workbook como fichas proporcionadas polo profesor</li> <li>- <b>Ampliación:</b> farase algunha actividade relacionada con este contidos de gramática a través de fichas proporcionadas polo profesor, exercicios do libro de texto, etc... Estes contidos serán traballados nas videoconferencias co alumnado co fin de facilitar a súa adquisición.</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>Durante a PARTE NON PRESENCIAL a metodoloxía a empregar é a seguinte:</p> <p>O profesor envía con antelación por email o planning coas actividades que os alumnos deben realizar así como o prazo de tempo que teñen para facelas e entregalas.</p> <p>Utilízase tamén a vía do email para aclararlles calquer dúbida que lles poida surxir mentres están a realizar as actividades.</p> <p>Usamos tanto o libro e cuadernillo como actividades seleccionadas polo profesor. Unha vez enviadas ó profesor, este corríxeas e envíallelas coas correccións e feedback correspondentes.</p> <p>UNHA videoconferencia semanal para poder aclarar dúbidas, explicar teoría para que os alumnos saiban facer as actividades de ampliación ou corrixir algunhas das tarefas de días previos, etc...</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Aula Virtual do centro Libro do alumno e Workbook: <i>English in Use 3</i>; ed. Burlington Fichas e outros materiais elaborados e/ou seleccionados polo profesor. Fichas interactivas de páxina <a href="http://liveworksheets.com">liveworksheets.com</a> Plataforma CISCO EDUXUNTA.WEBEX</p>





#### 4. Información e publicidade

<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	O profesorado informará ao alumnado segundo a canle de comunicación que xa teña establecida, neste caso correo electrónico. As familias serán informadas pola publicación deste documento na páxina web do centro así como por abalar móbil.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.